


# RECOMENDACIONES

## COVID-19

### NO CURSO 2020-21



## IES ILLA DE SARÓN

### XOVE



O equipo COVID do IES Illa de Sarón declara que tratará de velar porque se cumpran en todo momento as medidas necesarias de protección e contención, pero non pode responsabilizarse das persoas que incumpran esas medidas.

O incumprimento das medidas de protección e contención suporá unha falta grave nas normas de convivencia do centro.

## RECOMENDACIÓNS XERAIS BÁSICAS

### AUTOENQUISA

Toda persoa que acuda ó centro educativo (alumnado, profesorado, persoal non docente ou outras persoas) deberá realizar unha autoenquisa diaria analizando se mostra síntomas compatibles coa infección por SARS-COV-2 como se describe no anexo I. Ante a aparición de síntomas non se acudirá ó centro educativo. Contactarase co centro de saúde para seguir as instrucións que indiquen e co equipo COVID mediante correo electrónico.

### MATERIAIS A TER NO CENTRO

Recomendase dispoñer dunha caixa dun tamaño medio para deixar na aula, no armario que estará dividido e etiquetado. Nesta caixa gardarán:

❖ Todo o material de escritura do que queiran ou deban dispoñer durante as clases (bolígrafos, lapis, goma, afialapis, rotuladores, ...)

❖ Todos demais materiais escolares do que queiran ou deban dispoñer durante as clases (calculadora, dispositivos de memoria, tesoiras, pegamento, regras, compás, transportador, ...)

❖ O material de hixiene e protección que poidan necesitar durante as clases (panos de papel, unha máscara de reposto (debidamente hixienizada e gardada nunha bolsa cerrada, por exemplo tipo zip), xel hidroalcolico para uso individual, sobre todo no caso de ter alerxias,...)

❖ En todo caso tratarase de limitar a cantidade de materiais persoais que terán no centro.

Recomendase que, na medida do posible, transporten a mínima cantidade de materiais, podendo ter uns materiais de escritura na aula e outros na casa.

Os libros de texto moitas veces serán para consulta na casa, nese caso non será necesario nin recomendable que os traian ó centro. Seguiranse as indicacións do profesorado de cada materia.

Para a organización dos cadernos cada alumno/a ou familia debe administrar os seus recursos e habilidades. A recomendación xeral é que usen unha carpeta clasificadora e que vaian gardando o que non necesitan e levando con eles solo as follas que realmente necesiten levar. Outra opción a ter en conta son os cadernos para varias materias.

### CANLE DE COMUNICACIÓN

Calquera persoa, tanto sexa alumno, alumna, docente, persoal non docente ou familiar dalgunha destas persoas, utilizará o correo [ies.illadesaron.xove@edu.xunta.es](mailto:ies.illadesaron.xove@edu.xunta.es) para dar a coñecer ao equipo COVID-19 todos os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias e as incidencias. O asunto do correo será saron.covid para que esta información chegue ó equipo COVID o máis rápido posible.





## Anexo I

# ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus COVID-19.

De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde, contacte co equipo COVID-19 e non acuda ó centro educativo ata que lle confirmen que é seguro.

Nas últimas dúas semanas	Non	Si	En caso positivo, indicar cando comezou e si se manteñen.
Febre maior de 37,5 ° C			
Tose seca			
Dificultade respiratoria			
Fatiga severa			
Dor muscular			
Falta de olfacto			
Falta de gusto			
Diarrea			

Nas últimas dúas semanas	Non	Si	En caso positivo, indicar cando foi.
Tivo CONTACTO cunha persoa confirmada positiva en COVID-19			
CONVIVIU cunha persoa confirmada positiva en COVID-19			
Tivo CONTACTO cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19			
CONVIVIU cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19			